



**Amigos
da Terra**



amigosdaterra.net

Amigos da Terra

r/ Capitán Eloi 20, 2º esquerda. 32003 Ourense

tel: 34 988 374318. fax: 34 988 511020.

e-mail: info@amigosdaterra.net. CIF: G-322424222

AdT critica o apoio ao Almacenamento e Captura de CO2 (CAC) por non ser solución fronte ao Cambio Climático e frear as alternativas realmente limpas.

A posta en marcha do “Plano de Carbón Limpo” por parte da compañía eléctrica Unión Fenosa reabre o debate do compromiso e investimentos en solucións reais por parte do sector económico e político, ademais de desviar a atención diante da situación actual do Cambio Climático.

Ourense, 08 Agosto 2007.

A compañía eléctrica Unión Fenosa acaba de lanzar seu “Plano de Carbón Limpo” coa compra da mina Kangra Coal en Sudáfrica dando continuidade á queima de carbón, principal foco de emisións responsables do Cambio Climático. No seu “Plano de Carbón Limpo” contempla a implementación de melloras ambientais que fagan diminuír as emisións nas súas centrais térmicas mediante a eficiencia na combustión e empregando a Captura e Almacenamento do CO2 (CAC¹).

Cristina Gómez coordinadora da Campaña de Cambio Climático de Amigos da Terra-Galicia manifesta:

“A compensación de emisións mediante CAC, desvíase das solucións fronte ao Cambio Climático, baseadas en reducir emisións en orixe, implementar tecnoloxía baixa en carbono, a través de aforro e eficiencia enerxética e a substitución das enerxías fósiles por enerxías limpas, que empreguen recursos naturais dispoñibles e renovables”.

- **Este novo plano de Carbón Limpo afástase do obxectivo máis importante para ter un presente sostíbel e un futuro posible: unha economía baixa en carbón, desviando a atención do obxectivo de redución das emisións de CO2 en orixe.**

Coa compra da mina de carbón en Sudáfrica mantense a dependencia enerxética, e os impactos sociais e medioambientais da minería: expulsión de poboacións locais dos seus territorios, destrución de solos e augas subterráneas, pésimas condicións de emprego dos traballadores, etc. Neste sentido CAC non contribuirá a mellorar as condicións de vida das comunidades locais, ademais de desprazar a necesaria transformación do modelo enerxético que provoca o Cambio Climático. AdT propón que a atención política, tecnolóxica, social e económica debe centrarse en reducir a dependencia das combustibles fósiles.

Actualmente en Galicia as emisións da Central Térmica de Meirama situada no municipio de Ordes (A Coruña) están excedendo o asignado no 2006 nun 50,68%². A xustificación da compra desta nova mina por parte da compañía, é a redución de emisións na combustión deste novo mineral que posúe un maior poder calorífico. Así, segundo os seus cálculos pretenden reducir as emisións nun 24%, pero aínda con esta medida a central excédese nun 27% da súa cota de dereitos de emisións, todo isto sen que se cuantifiquen as emisións derivadas do transporte do carbón desde Sudáfrica e dos riscos de accidentes e vertidos do transporte marítimo. Amigos da Terra manifesta que con este novo plano desvíase a atención do obxectivo de redución das emisións de CO2 en orixe.

1 <http://www.co2captureproject.org/>

2 Informe del Ministerio de Medio Ambiente 2006 sobre emisiones, en aplicación de la ley 1/2005



**Amigos
da Terra**



amigosdaterra.net

Amigos da Terra

r/ Capitán Eloi 20, 2º esquerda. 32003 Ourense

tel: 34 988 374318. fax: 34 988 511020.

e-mail: info@amigosdaterra.net. CIF: G-322424222

- **A tecnoloxía de captura e almacenamento de CO2 (CAC) é medioambientalmente impactante, socialmente cuestionable e non deuse a coñecer a opinión pública³.**

Capturar CO2 das centrais enerxéticas actuais requiriría o emprego de equipos con custos moi elevados, o que supoñería o consumo de grandes cantidades de enerxía, e diminuiría a eficiencia enerxéticas das centrais nun 40%. Para a captura, comprensión, transporte e inxección das emisións de gases de efecto invernadoiro necesitaríanse grandes cantidades de enerxía (principalmente de combustible fósiles), que iría en aumento a medida que a dispoñibilidade de emprazamentos próximos fóra sendo ocupada. O resultado non é outro que desprazar as nosas emisións de CO2 e o seu impacto ás xeracións futuras.

- **A tecnoloxía CAC é tecnoloxicamente inmadura⁴, economicamente inviable e compite en recursos con tecnoloxía limpa⁵.**

Capturar o CO2 da cheminea da central térmica, pola que sae un 10-15% de CO2 en volume e separalo dos outros gases de combustión levándoa á súa forma pura e líquida para que poida ser inxectado e almacenado podería elevar o custo de CO2 capturado a 30-50 euros/tn. O CAC a día de hoxe, é unha proposta cara e non estará lista para ser comercialmente viable ata dentro de 20 ou 25 anos. Investir en CAC para que resultase rendible a súa implantación é dar de lado ás renovables, pois ambas alternativas compiten polos recursos para o seu desenvolvemento, principalmente recursos financeiros. As tecnoloxías para mellorar a eficiencia enerxética e impulsar o uso das renovables son maduras, foron probadas con certeza, son tecnicamente viables e ofrecen unha garantía de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro no curto e o medio prazo cun impacto ambiental moito menor.

- **Non hai suficiente experiencia sobre as posibilidades reais e os riscos de inxectar as emisións capturadas⁶.**

Para Amigos da Terra un aspecto de primeiro orde é se as emisións almacenadas baixo terra poderán ser mantidas de forma permanente. No caso de producirse escapes as consecuencias dependerán das cantidades que foron retidas e inxectadas, o que pode causar catástrofes de impredecible magnitude, como a asfixia de persoas e animais. Polo tanto, canto máis se confie no xeosecuestro para mitigar o cambio climático maior será o impacto en caso de producirse escapes. Os estudos mostran que debido a que as formacións xeolóxicas non son completamente estables, a probabilidade dunha fuga existe, e isto sen considerar os riscos fronte a terremotos. Algunhas mostras das compañías que apoian estas iniciativas asustan, pois pretenden non facerse responsables do que ocorra unha vez finalizada a inxección. Isto é debido a que non se pode garantir o almacenamento por centos de anos.

Existe un escaso coñecemento sobre os riscos que entrañaría a inxección das emisións capturadas nos acuíferos salinos e escaso coñecemento sobre a adecuación xeolóxica dos lugares. Fálase de almacenar CO2 baixo os océanos, poñendo en risco os ecosistemas mariños, debido aos efectos desastrosos nos niveis de acidez do auga e de danos nos organismos mariños.

3 IEA Greenhouse Gas R&D Programme, Putting Carbon back in the Ground IEA, UK and CAN Europe (2004) Climate Technology Sheet 1: Carbon Capture Technologies, Brussels; and and IPCC Special Report on Carbon Dioxide Capture and Storage: Summary for Policy Makers, p.3.

4 <http://www.ipcc.ch/activity/srccs/index.htm>

5 Prospects for CO2 Capture and Storage, IEA 2004

6 http://www.cana.net.au/documents/CANA_carbon_leakage_geoseq_100904.pdf



**Amigos
da Terra**



amigosdaterra.net

Amigos da Terra

r/ Capitán Eloi 20, 2º esquerda. 32003 Ourense

tel: 34 988 374318. fax: 34 988 511020.

e-mail: info@amigosdaterra.net. CIF: G-322424222

As propostas de Amigos da Terra son as seguintes:

- 1. Priorizar nos plans o aforro e eficiencia enerxética para lograr o obxectivo de redución de emisións de CO2 para 2020 e 2050 nun 30% e un 80% respectivamente.**
- 2. Outorgar un carácter legal vinculante aos obxectivos de redución de emisións de CO2.**
- 3. Definir obxectivos medibles a curto prazo, pois só así poderase entrar unha senda continuada de redución de emisións de efecto invernadoiro.**
- 4. Información e debate público no contexto do cambio climático, que mostre as limitacións de CAC e os riscos (ambientais, sociais).**
- 5. Non apoiar CAC se supón desviar recursos das renovables e a eficiencia enerxética. Asegurarse que o diñeiro público non se emprega en financiar proxectos que non cumpren os obxectivos sociais e non teñen en conta outras alternativas máis sostenibles.**
- 6. Creación, a nivel internacional, dun marco legal que regule este tipo de iniciativas e que teña en conta un réxime de responsabilidade coherente cos riscos que isto entraña.**
- 7. Traballar para adoptar uns estándares internacionais de almacenamento, para a selección dos emprazamentos, así como un monitoreo que asegure que o impacto medioambiental dos escapes é marxinal.**
- 8. Apoio ás enerxías renovables de maneira decidida.**

Máis información:

Cristina Gómez.

Área de Cambio Climático Amigos da Terra-Galicia

Teléfono: 988374318

E-mail: cambioclimatico@amigosdaterra.net